



**PLAN DE TRABAJO CIENCIAS SOCIAIS.  
2º PRIMARIA. CURSO 2024-2025  
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 2º NIVEL**

**MATERIAIS:**

- Material funxible: cadernos do alumnado, folios, cartolinas, lapis, goma, ceras, rotuladores, bolígrafos...
- Material elaborado: fichas de traballo, produtos finais do proxecto, flipbook, produtos finais...
- Recursos dixitais: tabletas, ordenadores portátiles, presentacións dixitais, páxinas web, aula virtual, vídeos...
- Libros de lectura
- Libros de consulta
- Xogos
- Elementos da contorna
- Saídas educativas relacionadas

**PLAN DE TRABAJO:**

Os contidos da área de Ciencias Sociais trabállanse a partir dos materiais indicados e abordando os seguintes bloques:

- Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sustentable.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. Leccións do pasado.

A aprendizaxe destes desenvolverase a través de pequenos proxectos, concretamente tres ao longo do curso, que nos permitirán achegarnos a unha cultura científica, baseada na indagación e investigación, a observación e experimentación.

A estrutura do traballo diario vai a ser a seguinte:

- Punto de partida: lanzamento do tema a tratar e rutina de pensamento KWL para pescudar "que sabemos" (detección de ideas previas) e "que queremos saber". Motivación do alumnado para espertar o interese no tema.
- Definición do produto final que imos facer e determinación do que hai que saber.
- Busca e recompilación de información no espazo dedicado ao proxecto. Introducción de novos conceptos.



- Análise e posta en común da información.
- Producción/taller: chega a hora de poñer en práctica toda a información recadada e plasmala no noso caderno para ter evidencias. Comezamos tamén a executar o produto final.
- Presentación do produto final.
- Reflexión final sobre a experiencia. Comparamos o que sabíamos ao inicio co que aprendemos. Xogo final a modo de repaso dos novos contidos.

Variarase o agrupamento do alumnado, aínda que primará nesta área o traballo en equipo; non obstante, haberá momentos para a reflexión individual e o traballo en gran grupo.

### **CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Os principais astros do universo: estrelas, planetas e satélites.</li> <li>● O Sistema Solar.</li> <li>● O planeta Terra.</li> <li>● Os movementos da Terra e as súas consecuencias na vida diaria e no contorno.</li> <li>● Días e noites.</li> <li>● Estacións do ano.</li> <li>● Orientación espacial en planos, debuxos e maquetas da contorna próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Concello de Culleredo. A convivencia pacífica, cultura da paz e non violencia.</li> <li>● A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. Pertenza a grupos sociais (deportivos, recreativos, culturais).</li> <li>● Igualdade de xénero.</li> <li>● Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns.</li> <li>● A vida en sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● A percepción do tempo: pasado, presente e futuro; antes e agora.</li> <li>● A historia persoal e a biografía familiar.</li> <li>● O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica.</li> <li>● Uso dos obxectos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o paso do tempo.</li> <li>● As expresións e producións artísticas a través do tempo.</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>• A atmosfera: fenómenos e tempo atmosférico.</li> <li>• O aire e a contaminación atmosférica.</li> <li>• Responsabilidade ecosocial. Uso sustentable dos bens comúns.</li> <li>• Hábitos de vida sustentable.</li> </ul>	<p>Espazos, recursos e servizos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Medios de transporte máis comúns na contorna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As fontes orais e a memoria colectiva.</li> <li>• Mulleres e homes relevantes da historia.</li> </ul>
<p>CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES</p>		
<p>Ciencia e tecnoloxía: Procedementos de indagación adecuados ás necesidades de investigación, vocabulario científico, estratexias de traballo individual e cooperativo, dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe.</p>		



XUNTA  
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE DE  
TARRÍO

As Daxariñas, nº 72  
15189 Tarrío - Culleredo (A Coruña)  
Teléfono: 981 67 76 57  
Fax: 981 64 89 15

Correo electrónico: [ceip.tarrío@edu.xunta.es](mailto:ceip.tarrío@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdetarrío>

